



SOBREIRAL DO ARNEGO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 5 km (circular)

Dificultade: baixa

Duración: 2-3 horas



O río Arnego é un afluente do Ulla que nace na Serra do Faro e atravesa a comarca do Deza en dirección Norte ata desembocar no encoro de Portodemouros e neste tramo discorre bastante encaixado entre xistos e rochas básicas.

Un espazo de características únicas, pouco habitual no territorio galego, un curioso bosque, mestura de especies atlánticas e mediterráneas.

O espazo protexido como LIC "Sobreiral do Arnego", cunha superficie de 1.081 ha, ocupa o curso baixo do río Arnego nos concellos de A Golada, Lalín e Vila de Cruces e os bosques limítrofes. As especiais características climáticas desta área, con influencias mediterráneas, propician a aparición de especies como as sobreiras que forman os bosques desta árbore máis grandes e mellor conservados de Galiza, principal motivo da protección deste espazo. Ademais conserva bosques de ribeira de amieiras, salgueiros, freixos, estripos, érvedos, buxos... e nas zonas máis altas carballeiras, castiñeiros e piñeiros. Acolle tamén unha fauna variada cun amplo abano de especies asociadas a áreas de matogueira e bosque de ribeira. Nas augas do río atópase o mexillón de río (especie en perigo de extinción no catálogo galego) e a ameixa de auga doce, catalogada como especie vulnerable. Hai ademais outras especies animais calificadas de "vulnerables": lesma manchada, escaravello lonxicorne (*Cerambyx cerdo*), varios anfibios (ra patilonga, ra vermella, saramaganta), gatafornela, tartaraña, aguaneiro, morcego rateiro e de ferradura. Destaca tamén a presenza de paxaros de ribeira e bosque como o merlo rieiro, as lavandeiras, os ferreiriños, as estreliñas riscadas...



No outono, mentres os carballos, os freixos, as amieiras ou os castiñeiros viran as cores das follas en todas as gamas de ocre posibles, as sobreiras manteñen o seu verdor, o que nos permite distinguilas mellor no medio do bosque.



COMO CHEGAR:

Comezamos na área de lecer de Carmoega e dirixímonos pola estrada a cruzar a ponte sobre o río, uns 200 metros; alí collemos o primeiro desvío á dereita e, despois duns 350 m outro desvío á dereita que baixa cara ao río, que seguimos durante a primeira metade do percorrido. Neste traxecto podemos ver o bosque de ribeira, varios atrancos no río e dous muíños. Ao cabo de aproximadamente 1,5 km desviámonos á esquerda nun camiño encosta que volve atrás polo bosque. Nuns catrocentos metros chegamos a un alto no que se atopa un bo grupo de sobreiras collemos o camiño da esquerda que, nun quilómetro, nos leva a unha pista asfaltada na proximidade dunhas casas. Alí collemos á esquerda (uns cen metros) e logo un desvío, tamén á esquerda, que en cincocentos metros máis nos leva á ponte onde comezamos a ruta. Neste camiño de volta iremos cruzando unha das áreas de bosque onde se conservan as sobreiras de máis porte, algunha de difícil acceso entre o mato. A Carmoega podemos acceder desde Agolada, Lalín ou Vila de Cruces. Pola beira do río Arnego hai unha ruta máis longa, duns 10 km, polo concello de Agolada, entre Carmoega e Ponte Vilariño.



Un remanso no río no que se espellan as árbores do bosque de ribeira.



Muíño no Arnego.



Fungos nunha sobreira.



Outono na beira do Arnego.

Sobreiras na parte alta da ruta. A **sobreira** (*Quercus suber*) é unha árbore propia do clima mediterráneo. Pode acadar os 15 m de altura e máis de 500 anos de idade. É unha árbore que se reconece facilmente pola tona (cortiza) grosa, esponxosa, moi enrugada e fendida de cor castaña-gris. Está presente no SL de Galicia (vales do Miño e Sil) e nas Rías Baixas. O máis común é atopar exemplares illados mesturados con outras especies, pero na zona do Arnego ten concentracións importantes.



Liques sobre o toro dunha sobreira.



Sobreiras no verán. A cor vermella e a diferente textura dos toros é porque nelas se fixo un recente aproveitamento da cortiza. Co tempo vólvese escura. Neste sobreiral faise un aproveitamento regular da cortiza. A colleita realizase no verán, cada 7 a 9 anos.



Os froitos da sobreira son landras duns 3 cm de lonxitude, cubertas na súa metade por unha cúpula escamosa.